



CIRCULAR 106-2022

XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA E DAS CATEGORÍAS SUB 18, SUB 20, SUB 23 E MÁSTER

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- O sábado 31 de decembro de 2022 celebrarase en Santiago de Compostela, nun circuíto urbano e homologado pola RFEA o XIII Campionato de Galicia Absoluto en ruta de 5 km, e das categorías Sub18, Sub20, Sub23 e Máster. O evento estará organizado conxuntamente polo Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Atletismo.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2022.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 26 de decembro de 2022.

Art.4).- A hora do comezo da proba e ás 17:00. Haberá un peche de control 45 min despois da saída.

Art.5).- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías Sub 18, Sub 20, Sub 23 e de todas as categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións no podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla correspondente.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7).- Os/as atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas límite de 15 minutos antes da saída. Ubicada nas inmediacións da saída na Avenida Xoán XXIII.

Art.8).- A organización establecerá distintos controis polo circuíto para controlar o paso dos participantes.

Art. 9).- O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 5 de decembro de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo